

O lector galego vai atopar en Sarrionaindia un gran golpe de ar fresco”

Faktoría K vén de editar ‘Tempo de Exilio’, antoloxía en galego de poemas escollidos polo propio Sarri, o escritor e refuxiado vasco con tres décadas de exilio nas costas. "Ás veces non hai cousa máis difícil ca volver a casa". Conversamos con Isaac Xubín, moito máis que o tradutor da obra.

[Xesús Manuel Piñeiro](#)

19 de decembro de 2014

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/lector-galego-vai-atopar-sarrionaindia-gran-golpe-ar-fresco/20141218183942033437.html>

Non se sabe moi ben onde acaba a persoa e comeza o mito. Ou quizás onde acaban ambos e conflúen co escritor. Ou onde estes tres -persoa, mito, escritor- se funden no exiliado. **Joseba Sarrionaindia** (Iurreta, 1958) habita no exilio desde que en 1985 fuxira dunha prisión onde estaba condenado por pertenza a ETA, agochado nun equipo de son. Aquela ‘fazaña’ dera lugar a un himno xeracional e skatalítico [o ‘Sarri-Sarri’ que os Kortatu ergueron sobre un ritmo de ledicia caribeña dos Toots & The Maytals]. E, tamén, deu inicio a unha viaxe vital e literaria en forma dun exilio que dura xa 29 anos. Como recoñece o seu amigo de proxectos xuvenís **Bernardo Atxaga**, ninguén sabe onde está Sarri, mais todos agardan os seus libros. Como enfatiza un outro seu amigo, **Ruper Ordorika**, [“que Sarri volva sería todo un símbolo. Vivimos tempos esperanzadores de ver como todo se desmorona”](#).

Isaac Xubín (A Coruña, 1978) é o responsábel de verquer ao galego en ‘Tempo de Exilio’ as composicións elixidas para a ocasión por Joseba Sarrionandía, a quen xa traducira na antoloxía dos sete poetas vascos “*Alén da fronteira*”; un traballo polo que recibiu o **Premio Lois Tobío 2012** da *Asociación Galega de Editores*. Xubín [que residiu seis anos en Euskal Herria] recoñece que traducir a Sarri é ver cumprida unha das ilusións da súa vida. Como sinala **Luis Rei Núñez**, director da colección **Tambo**, nunha **entrevista a Sarri**, [“os lectores de “Tempo de exilio” poden achegarse, en edición bilingüe, a unha obra marcada polo peso dunha conciencia en rebeldía e polos refuxios atopados á beira dos grandes nomes da modernidade literaria.”](#)

- ‘Tempo de exilio’ é a primeira antoloxía de Joseba Sarrionaindia. E édítase en galego. E, ademais, con poemas elixidos por el propio especialmente para a ocasión. Como foi todo isto posíbel?

Desde mozo Sarri tivo relación coa literatura galega. Según el propio ten confesado en entrevistas, un primeiro contacto co galego foi '*Deitado fronte ao mar*' de Celso Emilio Ferreiro, aquel. A partir de aí foi chegando Cunqueiro, Castelao e moitos máis. Sarrionaindia con Koldo Izagirre editaron no seu día un poemario bilingüe de autores en galego traducidos ao euskera, '*Poemas Náufragos, Galegoz heldutako poemak*', onde estaban Manoel Antonio, Luis Seoane, Amado Carballo... De feito, unha das seccións de 'Tempo de Exilio' leva o título de Poemas Náufragos.

- Como foi todo o proceso? Presumo que non doado, entre outras cuestións porque el está fuxido desde 1985...

- Faktoría K levaba tempo con este proxecto en mente. Supoño que trasladarían a Sarrionaindia a posibilidade de facer unha escolma da súa obra para verquer ao galego. Comigo contactaron para facer a tradución e vía editorial chegoume a escolla de poemas feita polo propio Sarri, con notas e suxerencias súas de tradución, consellos, achegas...

- Non impón traducir a unha figura, por dicilo así, tan 'totémica' como é a de Sarrionaindia?

- Son moi afortunado. Pouca xente ten a sorte de ver cumprido un soño da mocidade, un deses soños ilusionantes. Eu, se aprendín euskera, foi motivado por xente como Sarrionaindia. Tamén Aresti, Kortatu, Negu Gorriak (sorri)...que me levaron a tomar unha decisión nun momento concreto de querer aprendelo. Ou sexa que este libro, dalgún xeito, pecha un círculo.

Despois, e desde un punto de vista lingüístico, é todo un reto. A súa lingua é moi especial. De feito, e se non fose polos seus propios consellos, axuda e notas, sería moi difícil traducilo, levaríame moito máis tempo.

- Foi difícil logo lograr reflectir no galego o euskera de Sarrionaindia

- Normalmente cando traduces poesía penso que é bo deixarse levar polo instinto, creo que unha persoa que fai tradución literaria en certa forma non deixa de ser consciente de que esta é en parte un proceso de creación. Ao final, aínda que non o queiramos admitir, sempre está ese egoísmo 'do autor', aínda que non sexa unha obra túa. Intentas manter a fidelidade do texto, por suposto, mais hai lugares ou recunchos da obra que che levan, felizmente, a deixar a túa pegada.

- Na antoloxía hai poemas de carácter máis íntimo e outros máis, por dicilo así, sociais ou políticos. O feito de que ti vivises seis anos alá axudou a comprender esas claves?

- O feito de vivir alí 6 anos, 4 en Bilbo e 2 en Gasteiz; así como de coñecer a propia historia vital de Sarri pois si que fai que coñezas máis as causas que o levaron ao exilio. No que respecta aos poemas máis persoais ou íntimos, el mantén o estilo, e non deixan de estar empapados desa situación de exilio.

- É esa unha palabra, exilio, sen a que non se pode entender a Sarrionaindia e a súa obra?

- Claro, a súa propia historia está marcada por iso, con aquel punto de inflexión da fuxida do cárcere. Aquilo, coa conseguente canción, prendeu un lume... E ten unha condición, a de escritor, e escritor recoñecido, que non teñen outros exiliados vascos. A súa poesía está marcada pola ausencia, a lonxanía, esa sensación con respecto o seu país, e o compromiso dunha persoa que leva moito tempo fóra... O libro sorprende polos diferentes ángulos, as diferentes perspectivas e mensaxes do autor.

- Ademais de tradutor ti tamén es escritor, tes publicado libros de poemas e gañado certames do prestixio do Lorenzo Baleirón (no 2011). Esa faceta permitiuche ver na obra de Sarrionainda outros ángulos?

- Salvando as distancias, eu levo tamén moitos anos fóra do meu país. Iso fixo que, para min, como persoa e autor foi moito máis doado achegarme á obra de Sarrionaindia. Sempre foi algo que me marcou, como persoa e autor, a sensación de soidade, de viaxe... De feito teño moi en mente un dos primeiros poemas que lin de Sarri e que fala dos húmidos e longos trens. Sempre tiven esa imaxe das estacións de trens, trens cargados dunha connotación de desarraigo.

- O desarraigo é algo que semella moi presente na súa obra, xa nos poemas nos que rememora a súa nenez ou adolescencia aparece ese desarraigo, xa entón unha sensación de exilio...

- A nivel lingüístico en País Vasco pode ser máis doado sentir ese desarraigo na propia terra, algo ligado a aquilo que dicía Rosalía de Castro de “estranxeira na miña propia patria”. En Irlanda fun a un recital de poesía e foi un ‘shock’ ver como os poetas que recitaban en gaélico tiñan despois que volver a dicilo en inglés porque a gran maioría da xente non entendía. En Euskadi a situación actualmente non é esa, é moi positiva na miña opinión, mais nos tempos de Sarri si que podía ser parecido.

- Que destacarías que achega esta antoloxía ao panorama literario galego?

- O primeiro que destacaría é que o libro en si xa é unha aposta moi valente, non só por ser un libro de poemas relativamente grande, senón pola temática. Os editores habería que premialos: por apostar na poesía, por apostar na poesía vasca e por apostar nun autor que podería ser, digamos, incómodo. Calquera que se achegue a este libro vai atopar un golpe de aire fresco moi grande, aínda que sexa unha escolma de poemas que, algúns, teñen moitos anos. Eu creo que o lector galego vai disfrutar moitísimo lendo o libro.

- Autor, tradutor do euskera ao galego de autores como Kimen Uribe ou Harkaitz Cano, vivindo 6 anos en Euskal Herria... como ves o panorama actual da literatura en vasco?

- Pois, como todo en Euskal Herria, con moita esperanza. Creo que en Galiza cometemos o erro de mirar a moitos lugares á hora de facer comparanzas e tirar leccións e quizás non miramos a onde debéramos. Eu non digo imitar a Euskal Herria, mais en determinadas cousas, si. A situación da lingua vasca era moito máis semellante coa galega do que parecía. Hai xente que di que en Galiza hai auto-odio e en Euskal Herria non, e iso creo que é un erro, alí tamén o houbo e por iso en moitos lugares se perdera a transmisión xeracional do éuscaro.

Agora non lembro ben quen, creo que era *Argala*, que contaba que el malia vivir na mesma casa coa súa aboa nunca falara con ela. Porque ela non falaba español e el non sabía euskera.

Alí logrouse superar esa situación mediante unha serie de compromisos, de accións e de políticas. E alí lingüisticamente van a mellor, suben en número de falantes, e son unha sociedade dinámica, viva, implicada... tamén no idioma. Houbo e hai un traballo de base a mantenta. En Galiza sería bo mirar que experiencias desas son aproveitábeis para nós.

- Hainas?

- Claro que si. Unha cuestión que entendo moi importante é a do compromiso. E non me refiro ao político, senón á implicación, en asociacións veciñais, de barrio, en entidades deportivas... Interesarte e participar no teu entorno. En Euskal Herria entre as institucións e o individuo hai un tecido social moi amplo e dinámico; e iso só pode se traducir en boas cousas.

O que se fixo aquí e o que se fai en materia lingüística non funciona. E iso non é algo que sexa só responsabilidade do actual goberno, que a ten. Os nosos males non veñen de hai seis anos. Durante todo este tempo non se deron desenvolvido accións ou modelos que fosen quen de cambiar a situación.

- Como tradutor a ferramenta de traballo é o idioma. O estudo do IGE di que o 22% menores 15 anos non saben falar galego...

- Tivemos unha confianza cega en que a xente ía falar galego de maneira natural, que era algo inmanente. Por iso aquí fixéronse campañas e políticas en materia do idioma tendo en certa medida como modelo Catalunya, cando é algo totalmente distinto. O problema aquí é moito máis profundo. Como o era en Euskal Herria, mais alí fixeron políticas que resultaron. Aló houbo un factor na recuperación do euskera que lle chamaron o '*sentimento de perda*', mesmo Oskorri ten unha canción falando diso, en cuxa letra di que é momento de decidir se se quere ou non gañar a batalla polo idioma. De non querer, pois asumilo e xa está. Mais de dicir que si, non abundan palabras, hai que facer. Eu teño visto xente de cincuenta e moitos anos, que nunca falan euskera, poñerse a estudar o idioma polas tardes pola súa conta, e non porque lle fixese falta laboralmente ou para se relacionar, senón por unha cuestión ética.

- Hai canles, coñecemento mutuo entre as literaturas vasca e galega?

- Non. De feito o propio Sarrionaindia tense referido a isto nalgunha ocasión. El conta o paralelismo das ex-colonias portuguesas e o coñecemento que moitas veces teñen entre si é mediante ou a través da metrópole, de Portugal, co que a mensaxe xa está deturpada.

Penso que iso tamén pasa aquí, que miramos sempre para Madrid e todos somos culpábeis diso. Interesámonos por tal autor ou libro se resulta que gaña un premio dos que Madrid considera importantes, ou se vende ben alí...

Ademais, unha das causas de que a literatura vasca non sexa coñecida aquí é que está inzada de cuestións incómodas para xente de aquí. Eu sempre digo que tiven moita sorte de poder traducir a Sarrionaindia, mais é un autor que tiña que estar traducido ao galego e a outros idiomas hai moitísimo tempo. Bon, eu se me chamasen para traducir Sarri ao español, non o faría (sorri). Outro nome é Harkaitz Cano, un autor moi recoñecido desde hai tempo e que apenas se traduce.

- E a literatura galega alí. Coñécese? Valórase?

- Creo que os vascos teñen máis coñecemento sobre o que facemos aquí en Galiza. Pode que peque de optimismo mais eu nótoo así. O feito de que Joseba Sarrionaindia e Koldo Izagirre intercambiasen no cárcere poemas en galego, pois é indicativo. Hai unha lenda bonita que di que como os carcereiros lles prohibían ler en euskera ou escribir en euskara, facíano en galego, intercambiaban literatura galega (sorri).

Eu creo que os vascos en xeral queren a cultura que se fai en Galiza. É algo que mesmo dixo Kepa Junquera [que vén de ditar un traballo con Galiza como protagonista]. Literatura, música... teñen aprecio o que nos facemos neses eidos. Quizás porque eles si que ven a semellanza entre ambos os dous pobos.

- Mais a música, polo menos na nosa xeración, si que chegou e de cheo: Kortatu e o RRV, os Negu...

É certo, esa música chegou a todas partes. E a nosa música alí tamén chegou. O outro día contaba unha amiga que estivera hai un par de anos en Donosti e nun pub e durante un bo rato, estiveron botando música en galego: Diplomáticos, Os Resentidos... Que non escoitas nos pubs aquí!

- E o panorama literario galego?

- Bon, penso que quizás deberíamos ser un bocadiño máis atrevidos, e aí fago tamén crítica de min propio que non son moi atrevido á hora de escribir. A nivel de poesía si vexo xente que está dando un paso adiante na creación e concepción da poesía, falo de persoas como Gonzalo Hermo ou Francisco Cortegoso, entre outras. Eu son sempre optimista aínda que ás veces nas análises semelle pesimista. Se este país quixera sería un país marabilloso en todos os sentidos, entre elas o poder creativo, que entre os galegos non estivo nin está valorado como debera. Mais creo que hai razóns para a esperanza.

- Como ves o panorama da tradución en Galiza?

- O mundo da tradución en Galiza é unha das cousas que vexo con máis esperanza. Hai unha serie de pequenas editoriais agora mesmo que están a apostar na tradución: Rinoceronte, Hugin e Munin, Urco... Uff!, non quero poñer a citalas todas por se me esquezo dalgunha e a verdade é que teñen moito mérito todas elas. E non é só que escollan ben os autores, senón que teñen criterio, non se deixan levar por modas, por curto-pracismos, polo que marquen as grandes editoriais... E iso ten moito mérito, máis aínda na situación económica na que estamos. Iso é mostra de que hai unhas ideas e un compromiso coa calidade, de que hai xente que se preocupa por buscar, por querer coñecer e non estar simplemente á espera de que lle chegue a última obra de moda...

- Como chegaches ao euskara?

- Pois é un pouco curiosa esa historia (rí) Meu pai naceu en Bilbo, fillo de emigrantes galegos, mais eu decidín ir aló por outros motivos. Eu estaba a estudar Filoloxía Galega, xa levaba 5 anos na Facultade e vía que aquilo non me convencía, que tiña que completar a miña formación. Por outro lado estaba aburrido do ritmo de vida, da situación persoal... entón, o que me pareceu máis perto para cambiar era Euskadi. E aló fun. Mais nesa decisión non tivo a ver que o meu pai nacesse aló, iso non foi determinante. E escollín Bilbo por ser unha grande cidade e tería alí máis oportunidades laborais.

-E en 6 anos aprendiches un idioma tan difícil como o euskera

- Cando algo interesa e gusta... (sorrí)